

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Lois Tobío Fernández, a Isaac Díaz Pardo do 15/02/1978

Colección:

Data: 15/02/1978

De:

Lois Tobío Fernández;

Para:

Isaac Díaz Pardo;

Orix:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Destino:

Sargadelos (parroquial), Cervo (municipal), A Mariña Occidental (comarcal)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, sen asinar e sen membrete].

Notas do editor:

Carta de dúas páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Lois Tobío Fernández, a Isaac Díaz Pardo do 15/02/1978

Madrid, 15 de febreiro de 1978

Sr. D. Isaac Díaz Pardo
Sargadelos

Meu querido amigo: Moito me aledaron as novas que me das na túa carta verbo dos proieitos da empresa "F. de C. Sargadelos S.L." de abrir unha galería en Santiago e, co gallo da súa inauguración, facer homaxe ao Seminario de Estudos Galegos, lembrando o que foi aquela institución e vendo a posibilidade de facela rexurdir. Pra mín, ollando cara adiante, coma sempre, os fitos que o Seminario se propuxo ao sere fundado siguen tendo valencia e vixencia na nosa Terra. Hai necesidá de que eisista un centro de cultura que xunte e unifique, de xeito formativo, os esforzos a prol do desenrolo de todolos aspectos da nosa cultura, despois dese longo inverno en que se viu coutada e asoballada.

Pareceme ben que se tomen totalas cautelas precisas pra desbotar de entrada toda connotación política precisa. Mais por desgracia, foron e son os outros os que puxeron e poñen as etiquetas e por ela estriron o Seminario. No Seminario nunca se fixo política, e nel, ben sabido é, coincidiron persoas de moi diferentes tendencias. Soio o amor a Galicia e á súa cultura os xunguía. O que pasa é que, queirase ou non, loitar pola cultura dunha terra tamén é facer política.

Estou por enteiro á vosa disposición en todo canto poida axudar a esta laboura que vos propoñedes levar a termo. O guión que me mandas semella en principio ben. Abrangue o sustancial dos temas posibeles. Estes e outros temas poderían cicais tratarse nun coloquio, despois de ben elaborado o temario e de ben mediado polos que foran a participar nel. Hai que contar tamén coas institucións que podan ter avencellamento dereito co asunto como a Academia, o I. P. Sarmiento e outras. O Seminario rexurdido tería demanter estreita relación con todas elas.

Velahía algunhas das cousas que se me ocorren arestora encol da vosa felís iniciativa. Que teñades un eisito comrido. Atal é o meu sinceiro desexo.

Unha aperta do teu vello amigo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.